



BANDO DA ALCALDÍA

DON RAMIRO VARELA PEÓN,
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AGOLADA,
FAGO SABER:

Axudas por Fillos Menores de 3 anos

A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR publicou un ano máis a convocatoria de axudas para fillos menores de 3 anos a través da:

ORDE do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2015.

Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias desta prestación aquelas **persoas que teñan fillas ou fillos menores de tres anos o 1 de xaneiro de 2015 (nados entre o 2.1.2012 e o 1.1.2015 incluídos)** e que, durante o ano 2013, nin elas nin ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración polo IRPF correspondente a este período, nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estaren obrigadas a iso.

No caso de **fillas ou fillos adoptadas/os ou acollidas/os** entre o 31 de decembro de 2013 e o 31 de decembro de 2014, a prestación concederáse durante os tres anos posteriores á data da resolución xudicial ou administrativa que a declare.

Nos supostos de nulidade, **separación ou divorcio** das persoas proxenitoras, o beneficiario ou beneficiaria da prestación será aquela persoa que teña a custodia das fillas ou fillos, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación ou divorcio.

Requisitos

- Que as persoas proxenitoras teñan a súa **residencia habitual en Galicia**. No caso de que da documentación presentada se poida deducir que isto non é así, poderán ser requiridas para que presenten documentación complementaria que o demostre.
- Que na data da solicitude **os nenos ou as nenas convivan coa persoa solicitante**.

Tipo de axuda e contía

Primeira filla ou fillo: **360 euros**
Segunda filla ou fillo: **1.200 euros**
Terceira ou terceiro e sucesivos: **2.400 euros**

Prazo de presentación: 03/02/2015 - 14/03/2015.

**INTERESADOS PODEN ACUDIR AOS
SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS DE AGOLADA-
TELEFONO 986 788 062- IRENE.**

O manda e asina o Sr Alcalde de Agolada a 02 de Febreiro de 2015.

O Alcalde

